



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO

O pasado 26 de xuño de 2020 aprobáronse as bases para a contratación das persoas que cubrirán a xornada completa durante 9 meses o cadro de persoal para o programa de domento de emprego no medio rural (APROL RURAL 2020): 2 oficiais forestais e 4 peóns forestais.

Remitada a relación de candidatos polo Servizo Público de Emprego, nos candidatos preseleccionados para os postos de “Oficiais forestais” se comproba que o número de candidatos preseleccionados resulta insuficiente e se refieren únicamente a ocupación de “encargados ou capataces forestais” resulta necesario solicitar ao Servizo Público de Emprego de Galicia unha ampliación da listaxe de candidatos preseleccionados.

As bases foron publicadas na páxina web do concello ese mesmo 26 de xuño e, de conformidade co establecido na base cuarta das que rexen a selección, as 13:00 horas do 1 de xullo de 2020.

En base ao anterior, estimándose necesario ampliar o prazo de presentación de solicitudes dos aspirantes aos dous postos de oficiais forestais, esta Alcaldía, en uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de persoal, RESOLVE:

Primeiro.- Ampliar o prazo de presentación de solicitude únicamente para os dous postos de oficiais forestais subvencionados ao abeiro da ORDE do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 ata as 12 horas do 2 de xullo de 2020. Data na que se prevé que o Servizo Público de Emprego de Betanzos teña remitida a ampliación da preselección de candidatos para os postos.

Segundo.- Publicar a ampliación do prazo de presentación de solicitude para os postos de oficiais forestais na páxina web do concello para os efectos oportunos.

Oza-Cesuras, na data/s da/s sinatura/s electrónica/s

Dou fe,

O ALCALDE

O SECRETARIO

Ado./ José Pablo González Cacheiro

Asdo./ José C. Sánchez Presedo

